

SERVIZO DE
XUVENTUDE

CONCELLERÍA DE TURISMO
E XUVENTUDE

CONCELLO
DE VIGO



XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCÍONS NOMINATIVAS DO SERVIZO DE XUVENTUDE

Expte 97/142

Contido reflectido no artigo 12 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións.

O Plan Estratéxico da cumprimento á Lei Orgánica 3/2007, de 27 de marzo para a igualdade efectiva de mulleres e homes.

ÁREA DE:	XUVENTUDE
Liñas estratéxicas: 2. Atención aos colectivos e as súas necesidades sociais.	2.2 Menores e colectivo mozo
Accións: Subvencións nominativas previstas no orzamento con tramitación de convenio: Accións 1,2,3 e 4	1. Convenio entre o Concello de Vigo e a Asociación de Familias de Persoas con Parálise Cerebral (APAMP) para o desenvolvemento dun programa de dinamización infantil e xuvenil concretado nunha Ludoteca de Integración no ano 2026. G36624120. 2. Convenio entre o Concello de Vigo e a Asociación de Veciñal, Cultural e Deportiva de Lavadores para o desenvolvemento dun programa de dinamización infantil e xuvenil para o ano 2026. G36633618. 3. Convenio entre o Concello de Vigo e o Centro Recreativo, Artístico e Cultural de Coruxo para o desenvolvemento dun programa de dinamización infantil e xuvenil para o ano 2026. G36627495. 4. Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo a a Asociación Artística e Cultural para a promoción da danza e outras artes escénicas “Coreomagazine” para o desenvolvemento do “Vigo Dance Festival 2026” G27813351.

Xustificación 1: 1. Convenio entre o Concello de Vigo e a **Asociación de Familias de Persoas con Parálise Cerebral (APAMP)** para o desenvolvemento dun programa de dinamización infantil e xuvenil concretado nunha Ludoteca de Integración no ano 2026: A Asociación de Familias de Persoas con Parálise Cerebral



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/10/2025 11:45	Páxina 1 de 8
97-142	CSV: A2ADD4-B8D92B-37AA49-MMVL6Z-X242HV-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

**SERVIZO DE
XUVENTUDE**

**CONCELLERÍA DE TURISMO
E XUVENTUDE**

**CONCELLO
DE VIGO**



(APAMP) é a única entidade que desenvolveu este programa dun xeito continuado dende o ano 2001, contando cun espazo axeitado e con capacidade organizativa para afrontar esta actividade que ten un claro interese publico. A ASOCIACIÓN DE FAMILIAS DE PERSOAS CON PARÁLISE CEREBRAL “APAMP” é a única entidade que desenvolveu este programa xeito continuado dende o ano 2002, contando cun espazo adecuado e con capacidade organizativa para afrontar esta actividade que ten un claro interese publico e zonal.

Xustificación 2: A Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva de Lavadores é a única entidade que desenvolveu en Lavadores este programa de dinamización infantil e xuvenil dun xeito continuado dende o ano 2001, contando cun espazo axeitado e con capacidade organizativa para afrontar esta actividade que ten un claro interese publico e zonal. Este programa será levado a cabo nas instalacións da citada asociación, axeitadas para o desenvolvemento do mesmo, por contar cun espazo de zona axardinada ao aire libre que facilita o desenvolvemento de ditas actividades. Que na devandita actividade a subvencionar e na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese público e social polo que o Concello de Vigo, a través da Concellería de Xuventude, decide apoiar a realización de actividades lúdicas regulares en espazos de lecer educativo destinados a rapaces e rapazas da cidade de Vigo, e ás súas familias, co obxecto de potenciar o desenvolvemento mental, psicomotor, afectivo e sensorial de nenos e nenas, así como fomentar a participación nos distintos ámbitos da sociedade.

Xustificación 3: O Centro Recreativo Artístico e Cultural de Coruxo é a única entidade que desenvolveu este programa dun xeito continuado dende o ano 2001, contando cun espazo axeitado e con capacidade organizativa para afrontar esta actividade que ten un claro interese publico. O Centro Recreativo Artístico e Cultural de Coruxo vén colaborando coa Concellería de Xuventude dende 2001 na realización de actividades deste tipo ofrecendo un espazo de lecer educativo estable e gratuíto, para rapaces e rapazas de educación primaria, con idades comprendidas entre os 6 e 13 anos, no Torreiro de Festas de Fragoselo (Coruxo). Na devandita actividade a subvencionar e na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese público e social polo que o Concello de Vigo, a través da Concellería de Xuventude, decide apoiar a realización de actividades lúdicas regulares en espazos de lecer educativo destinados a rapaces e rapazas da cidade de Vigo, e ás súas familias, co obxecto de potenciar o desenvolvemento mental, psicomotor, afectivo e sensorial de nenos e nenas, así como fomentar a participación nos distintos ámbitos da sociedade.

Xustificación 4:- Asociación Coreomagazine comezou a súa andaina en febreiro de 2012, cando catro irmás, unidas polo amor á música e a danza, decidiron emprender un proxecto único: unha revista impresa de alta calidade que abarcase todos os estilos de danza a nivel nacional. Nunha época na que a dixitalización avanzaba sen freo, apostaron polo formato físico, co obxectivo de dar visibilidade a bailaríns, escolas e competicións de toda España. - Durante tres anos, cubriron os eventos de danza máis importantes: desde a Bienal de Sevilla ata competicións internacionais de Hip Hop e outros estilos en España e Portugal. - Logo naceu VIKUL, un evento internacional de danza urbana que converteu a Vigo nun referente no panorama nacional da danza urbana. Grazas á confianza de artistas de todo o mundo e ao apoio do Concello de Vigo, celebráronse xa 12 edicións de éxito. - Foron capaces de unir escolas, asociacións e máis de 800 bailaríns, levando a danza aos barrios de Vigo nun evento de catro días que culminou nun éxito rotundo. Un festival que non só mobilizou á comunidade artística, senón que o fixo cumprindo estritamente todas as normativas sanitarias impostas polo



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/10/2025 11:45	Páxina 2 de 8
97-142	CSV: A2ADD4-B8D92B-37AA49-MMVL6Z-X242HV-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

**SERVIZO DE
XUVENTUDE**

**CONCELLERÍA DE TURISMO
E XUVENTUDE**

**CONCELLO
DE VIGO**



XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCÍONS NOMINATIVAS DO SERVIZO DE XUVENTUDE

Expte 97/142

gobierno. - Fundaron en 2015 a Asociación Artística e Cultural Coreomagazine, para seguir impulsando a danza. Esta dilatada experiencia de colaboración co Concello de Vigo descrita nos parágrafos anteriores e documentada na memoria presentada pola Asociación Coreomagazine, ofrece unha solvencia e veteranía na xestión deste tipo de eventos que contribúen á fortalecer á xustificación de realizar este convenio coa única entidade sen ánimo de lucro da cidade que posúe esta experiencia e conta cos equipos e recursos necesarios para a formalización desta colaboración.

1º.- Obxectivos estratéxicos:

Accións 1,2,3

- O obxecto do presente convenio é desenvolver programas de dinamización infantil e xuvenil, que cubra as necesidades de ocio e tempo de lecer dos e das menores destinatarios e que conlevaran un marcado carácter formativo en valores positivos para o seu desenvolvemento integral e a súa socialización.
- Paralelamente o obxectivo transversal de facilitar a conciliación familiar da cidadanía da cidade.

Acción 4:

- Fomentar a arte e a cultura como motor de cambio social e consolidar a Vigo como un referente na promoción de valores positivos a través da expresión artística.
- Sensibilizar ao público sobre temas como a violencia de xénero e as adiccións dixitais, fomentando unha reflexión colectiva a través da arte.
- Ofrecer alternativas saudables e creativas para socializar dirixidas en especial ao colectivo mozo da cidade.
- Promover a interacción social desde unha perspectiva enriquecedora e libre de hábitos daniños.
- Impulsar o talento local e comunitario e ofrecer unha plataforma para que asociacións veciñais, artistas e colectivos de danza mostren o seu traballo, fortalecendo así o tecido social e cultural da cidade.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 20/10/2025 11:45

Páxina 3 de 8

97-142

CSV: A2ADD4-B8D92B-37AA49-MMVL6Z-X242HV-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

SERVIZO DE
XUVENTUDE

CONCELLERÍA DE TURISMO
E XUVENTUDE

CONCELLO
DE VIGO



2º.- <u>Sectores ou colectivos ao que vai dirixido:</u>	Accións 1,2,3: Nenos e nenas de 4 a 12 anos. Acción 4: Colectivo mozo da cidade de Vigo		
3º.- <u>Ámbito temporal: Accións 1,2,3,4</u>	Anual		
4º.- <u>Custes previsibles e fontes de financiamento:</u>	PLURIANUAL		
	APAMP	Ano 2025 Ano 2026	28.000 € 28.000 €
	AVCD Lavadores	Ano 2025 Ano 2026	28.000 € 28.000 €
	CRAC Coruxo	Ano 2025 Ano 2026	28.000 € 28.000 €
	Asociación Artística e Cultural para a promoción da danza e outras artes escénicas “Coreomagazine”	Ano 2025 Ano 2026	64.981,11€ 80.000€
5º.- <u>Plan de acción, Liñas básicas das Bases Reguladoras:</u>	<u>Accións 1,2,3:</u> <u>Obxecto:</u> Contribuir a financiar os gastos ocasionados para o desenvolvemento dun programa de dinamización infantil e xuvenil concretado en programas de dinamización infantil no ano 2026. E facilitar a conciliación familiar da cidadanía da cidade. <u>Obxectivos:</u> Desenvolver programas de dinamización infantil e xuvenil, que cubra as necesidades de ocio e tempo de lecer		



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 20/10/2025 11:45

Páxina 4 de 8

97-142

CSV: A2ADD4-B8D92B-37AA49-MMVL6Z-X242HV-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

SERVIZO DE
XUVENTUDE

CONCELLERÍA DE TURISMO
E XUVENTUDE

CONCELLO
DE VIGO



XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCÍONS NOMINATIVAS DO SERVIZO DE XUVENTUDE

Expte 97/142

	cun marcado carácter formativo en valores positivos para o seu desenvolvemento integral e a súa socialización. <u>Suxeitos obxectivo:</u> Nenos e nenas de 4 a 12 anos. <u>Criterios de valoración:</u> Asociacións que teñan, entre outros fins, o fomento e estimulación da cultura, a organización e desenvolvemento de eventos recreativos e culturais e o apoio as iniciativas a favor do engrandecemento do Concello. Entidades que levan anos organizando satisfactoriamente os programas referidos. <u>Criterios de exclusión:</u> Incumprimento das cláusulas do convenio <u>Contía máxima anual subvencionada para cada entidade :</u> 28.000 Euros <u>Acción 4:</u> <u>Obxecto:</u> Contribuir a financiar os gastos ocasionados para o desenvolvemento dun festival de danza ubana denominado VIGO DANCE FESTIVAL a celebrar no Auditorio do Mar de Vigo en dúas edicións de primaveira e outono. <u>Suxeitos obxectivo:</u> Mozos e mozas de ata 35 anos de idade. <u>Criterios de valoración:</u> Asociacións que teñan, entre outros fins, o fomento e estimulación da cultura, a organización e desenvolvemento de eventos recreativos e culturais e o apoio as iniciativas a favor do engrandecemento do Concello.
--	--



Copia do documento - Concello de Vigo

97-142

Data impresión: 20/10/2025 11:45

Páxina 5 de 8

CSV: A2ADD4-B8D92B-37AA49-MMVL6Z-X242HV-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

**SERVIZO DE
XUVENTUDE**

**CONCELLERÍA DE TURISMO
E XUVENTUDE**

**CONCELLO
DE VIGO**



	Entidades que levan anos organizando satisfactoriamente os programas referidos. <u>Criterios de exclusión:</u> Incumprimento das cláusulas do convenio <u>Contía máxima anual subvencionada para a entidade :</u> 65.000 Euros
6º.- Réxime de seguimento e control:	<u>Accións 1,2,3,4:</u> <u>Memoria explicativa das accións e obxectivos alcanzados:</u> - Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos e - Memoria económica xustificativa do custe das actividades realizadas. <u>Indicadores, como mínimo os seguintes:</u> Número de solicitudes e participantes por actividade e en global Estatística de asistencia e participación diaria/ Enumeración e resolución de incidencias <u>Crédito concedido en 2025:</u> Ludoteca APAMP: 28.000 € Ludoteca Lavadores: 28.000 € Ludoteca Coruxo: 28.000 € Asociación Artística e Cultural para a promoción da danza e outras artes escénicas “Coreomagazine”: 64.981,11€
7º.- Modalidade de concesión:	<u>Accións 1,2,3,4:</u> Nominativa, con convenio
8º.- Beneficiarios/as:	ASOCIACIÓN DE FAMILIAS DE PERSOAS CON PARÁLISE CEREBRAL “APAMP”. ASOCIACIÓN VECIÑAL, CULTURAL E DEPORTIVA DE LAVADORES.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 20/10/2025 11:45

Páxina 6 de 8

97-142

CSV: A2ADD4-B8D92B-37AA49-MMVL6Z-X242HV-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

SERVIZO DE
XUVENTUDE

CONCELLERÍA DE TURISMO
E XUVENTUDE

CONCELLO
DE VIGO



XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCÍONS NOMINATIVAS DO SERVIZO DE XUVENTUDE

Expte 97/142

	CENTRO RECREATIVO, ARTÍSTICO E CULTURAL DE CORUXO. Asociación Artística e Cultural para a promoción da danza e outras artes escénicas “COREOMAGAZINE”			
9º.- Prevese nas Bases a efectiva Consecución da igualdade	Si: Linguaxe non discriminatorio: Exclusión de proxectos que segreguen: Valoración positiva dos proxectos que fomenten a igualdade: Outros:			Non
10º.- Aplicación/s orzamentaria/s:	Nominativa	Aplicación:	Importe:	Ano:
	Subvención Ludoteca APAMP	3370.489.00.03	28.000 €	2026
	Dinamización Infantil Lavadores	3370.489.00.02	28.000 €	2026
	Dinamización Infantil Coruxo	3370.489.00.04	28.000 €	2026
	Subvención Vigo Dance Festival	3370.480.00.00	80.000€	2026

Asdo. Belén Mediero Rodriguez
Técnico medio de Xuventude

Conforme, Dna. Yolanda Aguiar Castro, Concelleira de Área de Goberno de Política Social, Turismo e Xuventude do Concello de Vigo (*Resolución da Alcaldía de data 28/06/2024, BOPPO nº 134 de data 10/07/2024*)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/10/2025 11:45	Páxina 7 de 8
97-142	CSV: A2ADD4-B8D92B-37AA49-MMVL6Z-X242HV-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

**SERVIZO DE
XUVENTUDE**

**CONCELLERÍA DE TURISMO
E XUVENTUDE**

**CONCELLO
DE VIGO**



A Concelleira Delegada de Xuventude (Resolución da Alcaldía de data 28/06/2023, BOPPO nº129 de data 5/07/2023)

Asdo: M^a Carmen Lago Barreiro



Copia do documento - Concello de Vigo

97-142

Data impresión: 20/10/2025 11:45

Páxina 8 de 8

CSV: A2ADD4-B8D92B-37AA49-MMVL6Z-X242HV-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>